

Ser médica en Palestina:

- Algúns datos:

Mortandade Infantil

42 / 54 por 1000 Nados Vivos

Mortandade Maternal

80 por. 100.0000 Nados Vivos

Incidencia da anemia en:

Mulleres embarazadas 34.2%

Nais en lactancia 23.15

Nenos < 1 Ano 41.25%

Nenos 1-2 anos 32.20%

Nenos 2-3 anos 35%

Escolares 37.1%

Ser médica en Palestina non é como selo en calquera outro lugar: vivimos a traxedia do pobo, traballamos sempre en urxencia, non vivimos no luxo como outros médicos no mundo, xogamos roles múltiples (médico , asesor sociólogo , psicólogo), e a gran maioría somos políticos , activistas , e participamos nas actividades políticas do país. As mulleres médicas téñeno difícil nunha sociedade conservadora.

Enfrontámonos a dificultades como os check points, os toques de queda, as incursións dos soldados nas cidades e as demolición de casas. Por veces, o acceso aos hospitais é imposible. Os soldados están preparados para disparar sobre calquera palestino, saquear ou abusar de calquera persoa.

Experiencias reais:

A señora Manal, de 25 anos, da aldea Kobar, a tres quilómetros de Birzeit, chamou ás 5 da mañá avisando de que, logo de 8 anos de tratamento por infertilidad , está a piques de dar a luz. Chamou tamén á Media Lúa Vermella que a puido levar a unha consulta moi primitiva que pertence á Asociación das Mulleres en Birzeit . Tamén viñeron á miña casa e trasladáronme para axudala a dar a luz. Logo de 12 horas de traballo de parto , decidín que debía trasladarse a un hospital para practicar unha operación cesárea.

Eran as 5 da tarde. Non puidemos conseguir un permiso nin a través da Cruz Vermella nin a través de calquera outro medio Aquel día 29 de Marzo de 2001 ninguén podía moverse das súas casas polas medidas israelís, e até as ambulancias da Media Lúa Vermella pararon por orde militar. Esperei até as 8. Estaba toda a familia comigo. Estaba segura que o feto estaba morrendo , e pedinlle ao marido que fose ao checkpoint máis próximo paraa pedir o traslado da súa muller a un hospital. O home volveu cun temor horrible porque lle dispararan intensamente, e por protección divina, salvouse. Entón houben tomar unha decisión. Como na pelvis de Manal non cabía a cabeza do feto, en Obstetricia chámase CPD (Desproporción céfalo-pélvica), e estaba moi certa aínda que non tiña monitor fetal, non tiña ecografía e dependía soamente do meu xuízo do exame clínico cun par de luvas que lavaba con auga normal para reutilizalas. As opcións eran moi poucas: a nai ou o feto. O marido, que é un Sheik, díxome “Doutora, por favor, elixa á miña señora”.

Kris naceu o día 7 de Decembro do 2002 , cando os check point estaban moi estritos e non permitían a ninguén o paso cara a Rammallah onde hai un Hospital. Entón Meerna, a miña veciña, veu á miña casa e díxome: “Doutora, pode axudarme a dar a luz?” Ela levaba 9 anos de tratamento

de fertilidade, e eu non quería repetir a mesma experiencia anterior e díxenlle: “tes que buscar de inmediato o xeito de saír a Rammallah” . Xa estaba comezando a dor do traballo de parto.

Entón foise co seu marido ao Surda checkpoint, pero os soldados disparáronlles. Volveu e díxome: “tenme que atender”. Non tiven alternativa.

Empezou o traballo de parto comprobando que o feto era moi pequecho. Por un intre pensei que debería ir a un Hospital porque o feto podería necesitar osíxeno, por ser tan pequeno e fillo de nai fumadora. Os seus latexos cardíacos eran cada minuto máis lentos, sinal de perigo.

Entón chamei á Cruz Vermella e a Media Lúa Vermella pedindo unha ambulancia para que nos buscara ao outro extremo do do checkpoint. Camiñamos baixo os disparos até que atopamos a ambulancia. Por intervención divina non sucedeu unha traxedia como a de Maysoon o Hayek, onde o marido foi asasinado polos soldados israelís no check point de Nablus.

Chegamos ao Hospital. Meerna era unha paciente moi cooperadora. Mentres estaban a preparar o quirófano, Meerna deu a luz. O neno foi moi pequeno: necesitou O2 por dous días, para o que foi ingresado en coidados intensivos, e logo de dous días voltou san á casa. Kris e Merna poderían ter sido vítimas se o parto tivese sido o 29 de Marzo de 2001.